



O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A difusión da riqueza patrimonial e do carácter extraordinario do mesmo é unha tarefa de gran importancia, por canto axuda a valorar o propio e serve de estímulo para o respecto e a conservación dun herdo que é preciso preservar e legar para as xeracións futuras.

A nosa cidade acubilla unha inmensa cantidade de recursos deste tipo que non sempre son recoñecidos nin divulgados e mesmo, ás veces, cando iso se fai, se esquece de manter e recuperar o soporte informativo que permite a súa lembranza. Tal é o caso da placa que lembraba na Alameda a visita a Santiago de María Eva Duarte “Evita”, a primeira dama arxentina, esposa do presidente Juan Domingo Perón, que participou en 1947 na plantación do abeto do Cáucaso (*abies nordmanniana*), convertido desde hai anos nun verdadeiro monumento natural, incluído –xunto co veciño e centenario tilo prateado e o chamado “Eucalipto dos Namorados”, desde onde se divisa a Catedral- no primeiro lugar do “Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia” elaborado pola Xunta de Galicia.

Na base desta árbore senlleira existe aínda un soporte de granito no que noutrora se fixaba unha placa conmemorativa da súa plantación. Unha placa que desapareceu e que consideramos que debería ser resposta para xeral coñecemento. Esta reposición aínda se fai máis necesaria nestes intres nos que por parte da Concellería de Acción Cultural se están a financiar unhas rutas literarias durante os meses de abril, maio e xuño, que inclúen no seu percorrido a visita a esta árbore de especial valor e significado.

Tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal Popular presenta o seguinte Rogo:

Que o Goberno local proceda a repoñer a placa informativa no soporte de pedra existente baixo a árbore senlleira popularmente denominada “A Perona”, que conmemora a plantación deste exemplar con motivo da visita realizada á nosa cidade por María Eva Duarte “Evita”, a primeira dama arxentina, durante o ano 1947, sen prexuízo de estender esta medida informativa a outras árbores ou estatuas de especial significación existentes na Alameda.

Santiago de Compostela, a 15 de abril de 2016.

Alejandro S Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela